

Forza liberadora

Desde Olympia de Gouges, ao menos dunha forma explícita e empregando a arma da palabra escrita, moitas mulleres e algúns homes loitaron e seguen a loitar a favor dos dereitos e da liberación da muller. O xénero privilexiado para estas loitas feministas é o ensaio. Con todo, nin a lírica nin a narrativa son alleas ás transformacións revolucionarias que o feminismo pode significar para o conxunto da humanidade. Nesta liña a achega máis recente dentro da narrativa galega é a novela de María Reimóndez, *O club da calceta*. A súa autora é unha desas novas escritoras que nos nosos días foron quen de rachar ese gran tópico do sistema literario galego: a adscripción da muller aos dominios da lírica e a negación

Desde o club da calceta



FRANCISCO MARTÍNEZ BOUZAS

cunha finalidade claramente emancipadora. O seu fio argumental tece a pequena ou grande historia de seis mulleres. Os mundos de seis mulleres que coinciden nas clases de calceta e alí comparten vivencias, porfías, desenganos, desexos e determinacións de darlle volta ás cousas. O lector percibiraas como Penélopes do noso tempo que, á vez que tecen coa la, destecen e rachan desde a insubmisión o lenzo do patriarcado. Subxectividades femininas, coa compañía

Reimóndez elabora unha novela interesante, aínda que a escriba desde unha perspectiva feminista. Mais é mérito seu facelo desde a creación propiamente ficcional fuxindo dese didactismo propio das novelas de tese demasiado explícito e moralizante. A intención docente que sen complexos latexa en toda a obra, acadaas a autora, non con longos discursos antimisóxinos, máis propios doutros xéneros, senón escribindo verdadeiras historias, ategadas de contido ficcional e desde un multiperspectivismo que non se vai pola pata frouxa, senón que reflicte as diferentes condicións de idade, cultura, teimas, profesións... das mulleres que conforman unha sociedade na que aínda imperan valores machistas.

UN ESTILO ÁXIL E, Á VEZ, HUMORÍSTICO GANDUXA TODOS OS RELATOS DESTE VOLUME

Quizais non acaden as seis historias e o capítulo final o mesmo vigor narrativo. Porén, cada unha delas permite unha lectura entretida, mérito sobre todo da boa construción narrativa con que a autora ergue a historia de cada unha destas mulleres, e do estilo áxil e á vez humorista co que ganduxa os relatos. Máis discutible, por inverosímil e demasiado inxenuo, e resulta ser o capítulo final no que as mulleres non só se liberan, senón que triúnfan facilmente como empresarias. Pero desde a ficción a autora ten todo o dereito do mundo a vacinarnos con esa inxeción de ilusión e esperanza verbo da condición feminina nun mundo aínda dominado por homes. É así mesmo cuestionable o carácter de novela de *O club da calceta*, xa que en realidade o libro acolle seis historias diferentes e autónomas, amalgamadas unicamente polo labor da calceta. O libro funcionaría igualmente como unha colección de relatos, sen perder un ápice a súa forza liberadora.

REIMÓNDEZ, María, *O club da calceta*, Ed. Xerais, Vigo, 2006, 270 páxinas



dunha narrativa feita por mulleres. Dunha narrativa especificamente feminina e feminista, posuidora dun balume de forza liberadora, ou mesmo dunha narrativa sen connotacións xenéricas.

O club da calceta inscríbese claramente no primeiro grupo: esa escrita de mulleres que, con frescura e aire novo, nos achega aos seus propios problemas

da l-
gún ho-
me que ten
a insólita ca-
pacidade de pór-
se no seu lugar, que
aprenden a dicir non e
a se teren respecto a si
mesmas, que se sobrepo-
ñen ás condicións sociais
ou culturais que as oprime,
nega ou infravalora.

Nas coordenadas xeográficas e temporais nas que nos movemos, *O club da calceta* é, supoño, unha novela politicamente correcta. Non deixaría de ser un agravio inxustificado cualificar a obra de literatura barata “que só fala de mulleres porque non sabe falar doutra cousa”, mulleres que fan literatura dedicándose a imprimir as súas penas no canto de facer calceta, como facían noutro tempo. María